

SETESTRALOS

Fogos no ceo da aldea

SANTIAGO MÁRQUEZ PÉREZ

O HOME QUE GUSTABA DAS PAPAS

Meu filliño vaimos ata o socalco onde está teu pai cavando xunto outros homes, e dille moi caladamente que veña comer as súas papas quentes co leite... a ver neno... móvete!

Pensa a nai e fala en voz alta, medio enfadada... xa non sei como dicirle ao meu home isto das papas cando está traballando lonxe da casa! ... amais tes que velo co xenio que ven e que mal lle acae que o chamemos... ¡váiche boa! ... se alguén se enterara de que o grandallón inda come papas de fariña co leite!

Ben meu filliño:... non esquezas, entón, dicirle na orella a teu pai o que che mando... eh? Vai alá que lle arrefrían, dálle!

O rapaciño corre fóra da casa... vai ata uns valados dende os que pode ver a seu pai, alá embaixo, e pondo as súas mans darredor da boca a modo de bucina... berra todo o forte que pode, varias veces: paaaiii, di miña naaaaiiii que veña comer as papas caladamenteeee!

LOBO CON MOITA FAME

Xunto a lareira, xa noite, a naiña boa xunta os rapaces e cóntalle o que disque lle pasara a uns parentes que tiñan a casa en Vilas, preto do monte, cando a súa avoa era pequena, alá polo tempo da guerra de Cuba.

Entón... cando os lobos teñen fame... non hai raio que non coman!

Igual pasan meses sen comeren, pero cando baixan de non sei que lugar e veñen buscar comida... mimadriña querida!

Os rapaciños... eran dous ou tres, creo, chegaran á noitiña á nosa casa en Viñó, e na nosa casa sabendo que non había lúa esa noite trataron de que se foran logo de volta para súa casa... non che era cousa de que tiveran que cruzar polo medio do monte para riba... noite pecha!... pobre deles!

En canto lle fixeron as saquetiñas, unha cos feixóns e a outra cun pouco millo... (alá enriba a neve non lles deixa vir nin millo nin feixóns) marcharon correndo por entre medio do monte, xa estaba abaixado o sol... non era para entretérense cos niños dos paxaros ou calquera outra cousa, non!.. E que ven vir os pequenos?

Viña cos pelos levantados no lombo... amosando os seus dentes, con cara de ter gana de comer tallada de neno... un lobo grande coma un touro, meus filliños!

Os pobriños dos nenos quedaron tesos!... ben que semellaban as figuras de pedra das igrexas... ai pobriños coma ían saír desa!

Déulles por correr e apolarse a un carballiño pequenote... e alí estaban cando o demo do lobo acadou meterlle os seus dentes con tanta furia... que se non fora un veciño que viña baixande e levaba con el unha machada ben grande... e pasou por alí nese momento!... xa lle faltaba pouco ao lobo para botalos abaixo e papalos vivos os nenos.

Miña madriña bendita as cousas que pasaban!... Vouceaba a nai mentres se levantaba e sacudía o mandil...

Os rapaciños xuntos, cos ollos ben grandes e unha expresión de terror na súa cariña... quedaron coma labrados en pedra, alí, xunto a lareira...

¡Dálle, dálle, a lavar os pés e a cama!... a durmir, a durmir e a soñar cos anxos do ceo!... que mañá ben cedo temos que ir a cortar na herba... xa é moita noite, dálle!

COUSAS DOS MOZOS

Pois que non muller... que a min no me fan o tonto, non!

Pero Antonio que vas agarrar unha pulmonía, home... fáime caso, ven para dentro, ven durmir que xa che as dúas da mañá, imos!... ¡ai, miña nai!

Para min que cos anos este home vai toleando, mira que se lle meteu na cachola que esta noite, coma todos os anos nesta mesma noite de San Xoán, algúns dos mozos íanlle levar o carro e deixarlo por calquera leira...

¡Mira Antonio!... escoitas?... eu vou para a cama... a ver, dime... que has facer logo?

Xa cho dixen ben claro, muller... esta noite durmo enriba do carro... e que sexan moi machos... como din en América!, se pensan que van saír coa deles outra vez!

Tío Antonio!... tío Antonio!... que lle terá pasado a este homiño? ... para min que andou de retrousa esta noite... chiquita vai!, chiquita ven!... velaí temos o resultado meu amigo!... Está durmindo a chea!... déixao tranquilo!, que durma... ¡Imos que o sol xa está alto, rapaz!...

E alí, no medio do adro da capeliña de San Roque estaba o carro co Tío Antonio durmindo nel... e xa eran as doce do día!

ANDAR NA PEDRA

E ti meu filliño, cando sexas grande coma Claudino, o de Bautista, que choio vais a ter?

Pois eu vou ir coma eles... á pedra!

Pero iso é traballo moi bruto filliño... todo o santo día plín... plín... plín..., cos barrenos, cos macicos... eses que non hai home que os levante, meu fillo.

Mallando no corpo!... dálle que dálle ...por catro chicas. Estás toleando!... ti non barrenas ben rapaz! Qué che vai gustar traballar niso! Ti tes que ser coma Xasteira!... coma el tes que ser! Este homiño labra nas pedras moi finamente, fai obras de arte!... tes visto os panteóns do noso cemiterio?... Ben!... todas as sepulturas con pedra ben labrada fixoas el...! E tamén o chaman de sitios de lonxe... mira, téñeno chamado de Baiona, de Borreiros... e outros sitios coma eses que nin sei como lle chaman... non sei... díxome Redondela ou algo así!... Dáste conta filliño como é o choio de bo?

E o rapaciño escoita calado é pensativo...

O que pasa miña nai... mire ben o que lle digo!... é que non me entende... a min o que me gusta máis que nada na vida é facer os barrenos enriba dos penedos ben grandes, alá nos cotos, mesturar ben miudiño o nitro co carbón de casca de pino e o xofre, metelo dentro do buraco, alá ben fondo, macicalo amodiño, pórille a mecha, prenderlle lume... correr lonxe... e buuumbaaaa!... estoura en catro anacos a pedra!... e racha por onde lle marcamos que fendera!

Iso si que é o mellor que hai na vida... vaia o mellor... lonxe! Qué me vencontar con iso que fai Xasteira!

É volve a quedar calado xunto a lareira.....

PARA O TEMPO DO MILLO

No Salón do Durán tiñamos as cousas mais divertidas da parroquia. Alí chegara unha vez un grupo de teatro que ben nos quedou gustando por moitos anos. E ningún verán deixaban de facer bailes aos sábados ou domingos de noite. Estaba bo! Aos pequenos non nos deixaban entrar, claro! Pero, sempre encontrábase a maneira de divertirmos ao xeito noso...

Co Chiño de Requelinda sempre andábase facendo das nosas. Como o cagadoiro ou "latrina" estaba detrás do Salón, xunta un valadiño, e diante dunha leira onde os milleiros estaban xa altiños... era unha tentación que se ofrecía para "inventar" algo co que enchernos de "adrenalina"... rapaz!

Así que fomos entre os milleiros, xa estaban mais altos ca nós, estiramos as mans ata as tellas da cuberta do couso aquel... corremos un pouquiño unha delas... e de alí en diante era cousa de agardar que a xente viñera... algo como por a trampeira dos paxaros no monte...


Non era cousa só de axexar por aquel buraco do descorrer a tella, a emoción grande viña cando dende alí, con moita forza, lle guindabamos un bolo de terra, ben amasado, contra o lombo da persoa que se puña de costas a nós facendo o que fora facer alí dentro... Todo era cousa de esperar á vítima... mandarlle a bomba... e saír entre o millo a lume de carozo!

Así, un tras doutro... veña! ¡Canta emoción rapaz!

Outra vez... mirei para dentro... ¡non podía crer o que miraba!... case pegado ao tellado o tricornio lustroso e negro dun Guarda Civil... fuxín levado polo demo!... fuxín a tombos entre os milleiros e cheguei onde estaba "O Chiño", e coa voz entrecortada díxenlle o que me tiña pasado... non o podía crer! Eu tampouco che podía avisar... pero, do lado de diante para a parte de abaixo... estaba o outro Gardia, de pé, e tiña o fusil coa baioneta posta, rapaz!... Da que nos salvamos... hostias!



Santiago botando a andar



Miña irmá Clara fronte a feira de Gondomar

A SAQUETA DE MIÑA NAI

Sempre corriamos para acadala, corriamos e corriamos pola estrada, logo de vela dende a ventá da nosa casa, a que daba para o lado do Carrascal, para Chaín... Esta vez a saqueta era pequenota, pero pesaba moito para o pequena que era ela! Deixarme que a levo eu!, dixo miña irmán, que era cinco anos máis vella ca min, e xa andaba ao esterco coa cesta na cabeza...

Isto fede á peixe... qué é?, -preguntaba eu.

Pois non a desatedes ata chegar ao de Tía Rosa, ala!, -respondía miña nai.

Mira, vai ti correndiño e dille, a quen haxa na casa deles, que vaian pondo o lume que veño de Baiona, eles xa saben o que digo... vai,vai!

Alá ía eu coma un vento! Logo viña o mellor. Alí, darredor da lareira, no de Tía Rosa, chiscaban pouco a pouco os mariscos que viñan na saquetiña aquela, xunto ao lume... Nuns instantes os mariscos abríanse, e nós cun pouco pan de millo... demos conta de todos eles.

Galocheiros, galocheiros!"... decía Tía Rosa. Mira como lle gusta o marisco, Hermosinda! Ai! ... papáronos todos, meus filliños!

Tamén, se non os comían non vou ir máis a pé dende a Feira de Gondomar ata a beira do mar, pórme co cú ao aire apañando nos mariscos eses... e inda despois vir dalá ata acó enriba coa saqueta no lombo. Pero, isto si que dá gusto, miña filla!

XUNTO Á POTA

A ver, a ver... rapaz vai buscar os paos para o lume! Decía con súa voz de trono Bautista, como bo ferreiro que era. Todo era movemento no lugar de Tía Joaquina, pero tamén cousa de facer ben o traballo... érase un choio que tiña a súa ciencia, iso si!

Ben, a ver!... a pota xa está cargada co bagazo... quen vai coidar do lume?

Antes de pechala Bautista, déixeme pórllle dentro unhas peras de pao, cocéndoas así son sabedeiras... ben que nos gustan así, dicíalle miña nai.

Xá está ben!... todos os matraquillos están ben postos, ten auga dabondo para arrefriar... penso que non falta nada! E ti queda coidando do lume... mira ben que nunca lle falte o lume na pota... eh!

E alí quedaba eu... xogando coas muxicas, vendo figuras nas cascas dos paos... ou sentindo o estourar dos vermes cando os botaba no lume.

Non durmas neno!... a ver!... a ver!... vai enchendo a ola?

Un fio translúcido de augardente saía da caravilla, caía dentro dun funilciño e amodiño ía enchendo a garrafona de vidro....

Bautista achegou unha copíña ata o fio de augardente... levouna á boca, fixo uns buches cos ollos entrepechados... estarreceu cando lle pasou pola gorxa... e o pouco que lle quedaba na copa ... zas!... botouna no lume!

Foi só facer o xeito coa man... e un grande estouro fíxose baixo da pota... as labaradas lambían na pota!... botei para atrás... coma un raio!.. Para min foi maxia pura... qué estouro!

Bautista sorriu... botou unha cacarexada, é díxo: rapaz está boa, está boa... rapaz!... carallo que está boa!

O ESTOURO

Non che digo que os pobriños estaban co seu bandulliño fora?

Aquilo foi o inferno nun intre!... un deles nin chegou a apilidar, alí quedou o pobriño todo escalazado no medio da eira... ai, mimadriña querida! nunca vin algo así! A virxe nos salve de tal masacre!

Ben... e como foi? -Preguntáballe meu pai a miña nai

Mira, a min díxome O Fumegha... que en canto escoitou o estouro saíu da súa casa para fora a ver que pasara... a eles sacudíuselle o faiado xusto cando estaban xantando... de forte que foi... mira ti como foi de grande!

Parés que os dous rapaciños estaban a xogar na eira, por alí pretiño da casa, como todos os días. Sí, sempre lle dicía a nai, que non andaran fozando entre as pedras do muro da casa vella, xa que eles sabían que un da familia tiña andado niso no tempo da guerra... e ti sabes? non!... sempre algo que tiveras... tíñalo que esconder moi ben escondido. Si, parés que foron dúas granadas de man, das de cinta como lle chamaban, xa que unha delas quedou por alí preto, parecía, din, unha lata de pintura, das pequenotas, esas de menos dun cuartillo... penso eu que sería... Debéronlle dar cunha pedra ou algo así... ai, pobriños!... ¡non me fagas falar máis que non podo aguantar!

Dixéronme que un deles, o que non morreu no momento, aínda dentro da caixa, porque veu o Sancristán coas caixa e puxéronnos dentro delas en



Florentino- Inverno 1938. Preto de Teruel

seguida, claro!, alí mesmo aínda se retorció o pobriño coas tripiñas fora.

E ben... eu xa pensaba que iso xa non o ía escoitar máis despois de vir do "frente", e mira que eu en Teruel vin moita xente escalazada, eh? Mi madriña!... ¡caraloooo!

Ben home!, xa che teño dito... non empeces co que che pasou na guerra, non empecemos outra vez co mesmo de sempre

Xa está!...faino polos teus fillos... non fales mais diso!

NA CASARELLA

Xa che digo... non me fagas enfadar!, mira que non te vexa mais nesa casarella que un día destes esbarrúllase e quedades todos debaixo desas pedras e alá vai todo!

Non era a primeira vez que a miña nai me zoupaba. A nós dábanos por xogar nunha das varias casas vellas e abandonadas, algunhas xa co tellado vindo abaixo... e outras erguidas, ben boas, mellor ca nosa!, pero que sempre estiveron, dende que eu tiña memoria, ben pechadas as súas portas e ventás.

No verán todo era mellor para nós, xa que no muro que daba contra o camiño, na casa das Ferreiras, unha delas enfronte á nosa, era o sitio onde nos puñamos a tolear, sempre a noitiña...

De pé, enriba, na parte mais alta do muro suxeitabamos coas dúas mans, ben forte, unha ponla de calquera árbore. E cando viña voando sen rumbo, algún dos paxaros eses que eran cegos ...os morcegos, nós levantabamos de presa a pola e eles batían contra ela e nós podíamos collelos coa man, mentres chiaban e chiaban.

Non sempre faciamos iso. Nesa casa tiñan un pequeno eirado que daba a uns cortellos que non tiñan porta nin ventás, eso si, tiñan un bo piso de táboas é baixo deles estaban o que debeu ter sido a corte das ovellas ou un galiñeiro. Nunca nos dera por entrar nesa parte da casa. Dábanos un pouco de medo! Xa que miña nai andaba lonxe, no río, e non íamos ter que aguzar moito o oído para saber cando chegaba, empezamos a revisar ese novo lugar, tranquilos pero con moita expectativa e algo de medo, xa que o sol estaba caendo.

Levando a man entre as rachas das pedras da parede, algo deume contra os dedos. Non podía darme conta do que era! A racha entre as pedras, alí na parede era mais ancha e cabíame ben a man, como para poder coller o que fora que había alí e ripar por el. Así que empecei a darlle para un lado e para outro ata que puíden sacar aquilo para fóra do buraco onde estaba. En canto saíu de alí, case me cae da man o chisme ese! Era pesado para termar del cunha man, parecía de ferro, con moito ferruxe, tiña coma cascas de ferruxa, así que leveino onda o Chiño e os outros rapaces, que quedarán sentados fora, na escaleira.

En canto lles mostrei o que atopara, o primeiro que pinchou para atrás, como se vira o demo foi o Chiño, e berrábame garda iso, garda! esconde iso rapaz!, pero eu non lle entendía por qué me dicía tal cousa... eu non entendía por qué tanto batifondo, tanta cousa, por ese ferro vello que tiña nas mans...

Ai!, que mal que se puxo o meu amigo!

Non che dixen que vaias xa gardar iso onde o encontraches? Dálle!

Baixou comigo, xa estaba bastante escuro, na cortiña esa, e cando estabamos abaixo puxo a súa boca pegada na miña orella e díxome tremendo e con voz baixiña: iso que encontraches é una pistola do tempo da guerra, se o saben os Guardas Civís quén sabe o que nos pode chegar a pasar, rapaz!

Dálle, enterrémola no chan, agora mesmo, vamos!

MEU PAI, O SOLDADO DA REPÚBLICA

Oian! Son Florentino. Teño fillos e netos, eh? Teeeeño filloos eee... netoos!

Eu estaba xunto a lareira, xa era de noite, alí na casa de miña madriña Ana, na Cotarela, e escoitaba eses berros moi fortes, que viñan dende a estrada...

Qué está pasando, madriña?

Mira meu fillo, sabes que el está arruinado da súa cabeciña, entón dálle por pórse a voucear, amais diso, sempre lle di a quen o queira escoitar, que si, que ten fillos e netos, como ti o escoitas agora mesmo. Sempre me di: Ana, eu teño aí abaixo, en Gondomar, no Pastor, unha caixiña de aforros onde vou pondo para os meus fillos e netos, sabes?...

Non, si!, algúns listos pensa que como xa non barrena, é tonto!, ai meu fillo se ti souberas! Unha vez o Quinchiño, o da tenda, si, onde lle daban o xantar e a cea, resulta que non sei que contas tiña feito, vai a saber ti que pensaba o Quinchiño, non? entón! Tiñalo que ver como pegaba berros, parecía que o ían a matar ao ghicho ese, mimadriña como rin cando o souben! Teu pai levantou o seu brazo coa machada, que a levaba ao ombro e berroulle ao Quinchiño na porta da súa tenda, e moitos souberon disto, eh, desgraciado, fáime as contas ben que si non... féndoche a cabeza dun machadazo, carallo!

Sí, como che digo meu fillo, el quedou esbarrullado da súa cabeciña, chegou así de volta da guerra, ai!

Pois si, mira, uns nacen con estrela e outros nacen estrelados, como dicía o finado de meu pai, que tamén viviu en Montevideo. Probe de meu irmanciño, tan bo rapaciño que era. Ti non te das conta como o recordan os veciños daqueles anos. Pois que non home!, si nunca foi de ter unha palabra mais alta que a outra con ninguén!, dígocho eu que ben o coñecín!, como irmán del, que son. buenoooo! ¡Pregúntalle a calquera! Mira Santiago! Teu paiño como tantos outros pobriños, mozos destas aldeas, mandárono á guerra e foi o



Meu pai Florentino en Pamplona (1934-1936)

pobriño! El xa fixera o servizo, dous anos pasou en Pamplona, do ano 34 ao 36, e foi chegar á nosa casa tres semanas antes de empezar o demo da guerra!

E se o viras!, nesa postal que tes aí, esa, si esa!, a única que temos del, no servizo, puxéranos na carta na que nola mandou:

Queridos padres y hermanos: estoy aquí en la tierra de nuestra abuela María, en Pamplona, sirviendo a nuestra República como soldado

E á miña madriña enchíanselle os ollos de lágrimas, cando o dicía ai pobriño de teu pai! Pobriños de vos filliño, pobriños de vos! Polo calvario que tivechedes que vivir por causa desa maldición da guerra...

Nunca vou esquecer cando apareceu pola nosa casa, alí, no Lago, case de noite, non sei como chegou de volta ata a nosa casa; iso si, foi moito despois de acabar a guerra! Sí, tampouco che podo dicir quén nolo trouxo, non sei ben... viña feito unha calamidade, coxo, case non podía andar ou terse de pé. Claro filliño, como non ía vir así da guerra, se el foi dos homes, dos soldados, que sacaban tesos coma penedos, alá en Teruel, logo de estaren semanas enteiras alí neses buracos, caéndolle neve sobre o corpo, noite e día, sen levar bocado á boca!

Estábanlle por cortar un dos pés, pois tíñaos engangrenados, se non fora por unhas monxiñas que coidaron del, que sería de teu paisiño! Chegou así coma che digo, meu filliño! E outros de por aquí embaixo, viñéronche en camión ata a súa casa, ben gordos! Ben tenros chegaron eses! Eses si que pasaron ben a guerra, traíanche máquinas de coser, e despois vendíanas onde fora, foi de cando chegaron a Valencia ou Barcelona como chóferes ou camareiros do pai do Fragma, que non sei que demo pintaba ese! Era coronel de non sei que demos! Pois ese, o pai dese! si, o que foi ministro de Franco. Pero teu pai estaba sempre no frentes, sempre nos frentes, nos buracos, baixo a neve, coa súa "arma máquina" coma dicía el, pobriño! Alí deixou o mellor de súa vida! Paresche?, xa van mais de corenta anos que o pobriño vive perdido, deixou o mellor del alí, neses campos da guerra, ai!

Nunca te vaias a esquecer de teu paiciño, Santiago, nunca, nunca filliño!

VIÑAN DE NOITE

Se me preguntas que era a República?, que tipo de goberno era? Non podería dicirche nada, xa que nunca souben dela. Pero o que si lembro ben é que naqueles anos da República nós podíamos comer pantrigo. Cuns patacóns comprabamos un brazado de barras de pantrigo. Despois daquilo, cando veu Franco, non puidemos comer mais dese pan ata chegar a América. Como vou esquecer aquilo? Sempre quixen saber coma vivía a miña familia en Morgadans durante aqueles anos da República. Nos tempos das vésperas da guerra, durante a guerra e logo co goberno do ditador Franco. Logo que a miña nai e as miñas tías eran xa mozas grandes neses anos, só era cousa de escoitalas para entendela.

Viñan de noite, petaban na porta da casa como se a foran botar abaixo. Miña naiciña querida, debían petar coas culatas dos fusís, das escopetas

grandes, esas coas que viñan, e berraban, como berraban! Viñan coas roupas negras, non sei de onde raio viñan eses homes. E cando xa estaban dentro da casa, sempre eran catro ou cinco, púñanse a buscar e preguntar onde estaban os homes da casa. Buscaban debaixo das camas e non lles bastaba que lle dixeramos que estábamos nós as tres soas! Ai! que mal o pasamos!, que mal nos trataban dentro de nosa casa! Nas casas onde había algún rapazote, algún mozo ou home, mallaban nel diante da súa familia, alí na súa propia casa. E levábanos arrastro ata un camiión e íanse coma o demo con eles.... Nunca máis se sabía deles, pobre xentiña. Nnesas datas fun un día coas ovellas e a nosa vaca, por alá polo Pegho Neghro. Sí, alá embaixo entre as toxeias. Eu non podo crer aínda o que vin. Inda hoxe tremo do medo co topei miña naiciña. Os corpos de homiños escalazados. Habían de ser tres ou catro. Pernas e brazos, o que mirei naquel regato! Fuxín dalí e hoxe, máis de corenta anos despois, aínda lembro con arrepiío o que alí atopei.

Mamá, que veciños eran os que sinalaban co dedo?

Santiago, ti sabes que algúns veciños fuxiran para o monte, xente moi preparada, os mellores veciños que tiñamos naqueles anos na parroquia. Eran republicanos. Un día cruceime no camiño alá por Belindre co señor abade, O Cabaleiro, chamábanlle. E el mirándome aos ollos, moi enfadado díxome: mira Hermosinda, deja de levarle platos de comida a esos que huyeron al monte que si no te voy mandar rapar la cabeza y en la misa, desde el púlpito voy a decirle a todos los vecinos en que andas metida, eh! Así che foi meu fillo!, mira como eran as cousas naqueles tempos.

MIÑA FINADA NAICIÑA QUERIDA: HERMOSA DOS FREIRÍA

Nunca vou esquecer aqueles anos! ¿Quen podería esquecer? Mimadriña querida... que fame pasamos! Eu andaba ao peixe, viña coa cesta na cabeza, puña o redullo, e bueno, así podía ir cargánda mellor, senón?, claro, pero iso xa non o pode entender ninguén nestes tempos, meu fillo! Mira o que che digo rapaz! Tiña que vir neses días de verán, desde alá de Baiona co peixe do cara-



Hermosinda, Carmen, tío Manuel, Florentino e outros. Arando.

llo! Eu íalle pondo unhas follas de verza por enriba, cando había! Ese peixiño, non me digas nada, cando chegaba, pasando Vilaza para arriba, se non fedía xa lle faltaría pouco! Había xentiña que mo compraba, e si!, eu dicíalle que me deran o que lles parecera ben darme por el, sabendo como viña o peixe

que lle ía eu dicir aos meus veciños? Aaaaah! Entón eu, cando andaba nese choio, neses anos, sempre subía ata a vosa casa alí en Galfar, ti sabes? Sempre que viña co peixe... ía pola de Hermosa Freiría, eu xa sabía que na casiña vosa algo quente sempre tiñan para quen pasara por alí! Túa naiña tiña sempre algo quente na lareira, algunha galuchada coma ela dicía! Fora un prato de caldo, ou unha cunca acumulada de achicoria con pan do que ela facía, rapaz! Ela nunca deixaba que ninguén se fóra da súa casa sen darlle algo para comer! Tantas veces eu cheguei alí e tiña na mesa a catro ou cinco que non eran da familia, veciños coma min!

O ceguiño vello, o portugués, anque xa moitos malos veciños dicían que estaba cheo de piollos, tiña alí na casa, e outros que lle traballaban só pola comida, con tal de levar algo ao bandullo ou levar unha saquetiña de feixóns ou un pouquiño para que os seus fillos comeran algo, claro! É mellor non falar diso!

Dáste conta Santiago que naiña tes? Mira meu fillo non quero que o tomes a mal, sabes? Os tempos son outros, pero eu son das que non esquece, teño este paquetiño que quero que lle levas a túa naiña... Como lle poderei pagar iso que fixo por min e polos meus fillos? Santiaguíño, podes levarlle isto que lle mando para ela?

Claro que llo levo Mercedes, claro que llo levo!

Abrazámonos, démonos bicos e choramos xuntos, alí, fronte a tenda de Carmiña.

RETRINCOS

- *Os Conxurados*
Rexina Vega
- *Homenaxe a Victoriano Taibo*
Sección de Lingua do IEM
- *As nosas plantas*
Xilberte Manso de la Torre
- *Digresións 2004-2008*
Antonio Soliño Troncoso
- *A revolución dos globos*
Henrique Porto

